



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)
32800 Celanova
Ourense
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>
ceip.curros.celanova@edu.xunta.es

RESUMO DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO 2021-2022

Horarios

▶▶ Entradas e saídas

- ▶▶ O alumnado entrará ao recinto escolar ás horas establecidas.
- ▶▶ O bedel será o encargado de indicar o momento de entrar e saír mediante o toque de timbre.
- ▶▶ O alumnado permanecerá no patio de entrada ata oír o timbre.
- ▶▶ O alumnado subirá á súa aula ordenadamente, baixo a vixilancia do profesorado.
- ▶▶ O alumnado entrará ao centro polas portas designadas a tal efecto.
- ▶▶ O mestre/a titor/a, anotará as faltas do alumnado na lista de control de asistencia e retrasos. Neste parte de faltas catalogaranse como xustificadas ou non xustificadas.
- ▶▶ Ningún alumno/a poderá saír de clase antes das horas establecidas, a non ser por un caso excepcional e co consentimento do mestre/a.
- ▶▶ Ningún alumno/a poderá permanecer nos corredores, patios, etc., unha vez que comecen as clases.

▶▶ MÓVETE 15

- ▶▶ O móvete 15 NON é un recreo.
- ▶▶ Consiste en dar voltas ordenadamente ao patio con música de fondo.
- ▶▶ Os que camiñen farano pola dereita e os que corran, pola esquerda.
- ▶▶ Non se pode comer.
- ▶▶ Non se poden tirar libros ou apuntes para repasar.
- ▶▶ Non se poden ter xoguetes neste período.

▶▶ Tempo de recreo

- ▶▶ No tempo de recreo o alumnado permanecerá no patio do colexio. Excepcionalmente e por indicación dun mestre/a poderá permanecer na aula en presenza de dito mestre/a.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)
32800 Celanova
Ourense
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>
ceip.curros.celanova@edu.xunta.es

- ▶▶ A vixilancia dos recreos por parte do profesorado é obrigatoria e ha de cumprirse coa máxima puntualidade de acordo coas quendas establecidas a principios de curso.
 - ▶▶ Quedan prohibidos os xogos que supoñan molestias ou perigo para os/as demais así como traer obxectos agresivos ou molestos: globos de auga, dardos, navallas, etc.
 - ▶▶ Queda prohibido no alumnado o emprego de dispositivos móbiles de comunicación, así como de outros aparatos electrónicos.
 - ▶▶ Non se entrará no edificio ata que toque o timbre e farase seguindo as instrucións do profesorado.
 - ▶▶ Queda prohibido subirse ao enreixado, canastras, porterías, varandas ou saír fóra do recinto escolar.
 - ▶▶ Se xurde algún problema en tempo de recreo, o alumnado deberá dirixirse ao profesorado vixiante.
 - ▶▶ As envolturas de bocadillos ou obxectos de usar e tirar depositaranse, nos contedores de lixo que a tal efecto se encontran situados no patio.
 - ▶▶ A decisión de saír ou non ao patio en caso de inclemencias do tempo ou outras eventualidades tomaraa o equipo directivo avisando por megafonía para permanecer nas aulas.
 - ▶▶ O alumnado, durante as clases, poderá saír ordenadamente aos servizos de cada planta, sempre controlado polos seus titores/as.
 - ▶▶ Cando o alumnado de Educación Infantil teña o mesmo horario de recreo que o resto do alumnado, disporá en exclusiva, da zona de patio que se lle asigne, e o resto do alumnado non poderá utilizar dita zona.
 - ▶▶ As pistas deportivas serán utilizadas de acordo co calendario establecido.
- ▶▶ **Saídas do centro ou aula**
- ▶▶ Como normal xeral, ningún alumno/a poderá saír do centro ou da aula sen causa xustificada. Cando un alumno/a necesite saír, seguiranse os seguintes pasos:

- ➔ Saídas do centro para consulta médica ou outra causa similar xustificada.

En todo momento o titor/a ha de ser coñecedor de elo. O responsable que recolla ó alumno cubrirá a correspondente



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)
32800 Celanova
Ourense
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>
ceip.curros.celanova@edu.xunta.es

petición de saída do centro que será proporcionada pola secretaria, o titor ou o bedel.

O alumno/a ha de presentar un xustificante asinado polo seu pai/nai ou representante legal responsabilizándose de canto puidera ocorrer ao alumno/a nas horas de permanencia fóra do centro, o cal ha de ser visado polo director/a e profesor titor/a.

➔ Casos de enfermidade manifesta na aula.

O mestre/a que imparte clase ao alumno/a que se encontra mal, comunicarao ao titor/a. Chamarase á familia para que veña recollelo/a.

➔ Casos de accidente.

⇒ Se non reviste gravidade, avisarase á familia como no caso anterior.

⇒ Se se considera necesaria a atención médica seguirase o seguinte proceso:

- Unha primeira cura no centro se é preciso.
- Avisarase aos pais/nais ou responsables legais.
- Procederase da forma máis racional posible para o seu traslado ao hospital...
- Cubrirase un parte de incidencias, facendo constar o accidente e as medidas adoptadas.

▶ **As instalacións e a súa utilización**

▶▶ **Corredores**

- ▶▶ Os corredores son zona de tránsito dunhas dependencias a outras e non zonas de xogo ou de castigo.
- ▶▶ O alumnado que espere aos seus amigos/as ou familiares, debe facelo no patio de entrada ao colexio e nunca nos corredores ou portas das aulas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)
32800 Celanova
Ourense
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>
ceip.curros.celanova@edu.xunta.es

- ▶▶ Queda prohibido xogar con balóns, buxainas, bolas, etc...dentro do edificio; así como correr, patinar, gritar, pintar paredes, estragar murais, etc.
- ▶▶ O alumnado non poderá saír aos corredores nin ir aos aseos nos cambios de clase, se non é con permiso do mestre/a.

- ▶▶ **Aseos**
 - ▶▶ Queda prohibido reunirse neles, agacharse, pintalos, deterioralos.
 - ▶▶ Como norma xeral non se permitirá a saída ao servizo en horas de clase, salvo casos de necesidade entendida e autorizada polo mestre/a.
 - ▶▶ O profesorado controlará a orde das saídas e asegurarse de que os servizos queden en perfecto estado de limpeza.
 - ▶▶ É moi importante un uso racional tanto do papel de man como do papel hixiénico.
 - ▶▶ Os baños hai que deixalos como estaban.

- ▶▶ **Aulas**
 - ▶▶ Ao comezo do curso determinarase que grupo de alumnos/as utilizará cada aula.
 - ▶▶ O titor/a, será responsable do material existente en cada clase, comunicando ao equipo directivo os desperfectos que se produzan ou as necesidades que detecten.
 - ▶▶ Ningún alumno/a poderá permanecer nas aulas sen permiso do seu mestre/a en horario non lectivo.

- ▶▶ **Pistas deportivas**

Polo seu carácter, e polo uso de espazos distintos ás aulas, as clases de Educación Física ateranse ás seguintes normas:

 - ▶▶ O mestre/a recollerá ao alumnado na súa aula e ao finalizar a clase levarao á mesma, responsabilizándose do mantemento da orde debida, a fin de non ocasionar molestias ao resto das clases.
 - ▶▶ O mestre/a controlará ao alumnado no lugar onde se realice a clase, non permitindo que vague polos corredores, lavabos, etc...
 - ▶▶ Rematada a clase, o material ha de quedar correctamente ordenado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)
32800 Celanova
Ourense
TELÉFONO:988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>
ceip.curros.celanova@edu.xunta.es

▶ **Actividades complementarias e extraescolares**

▶▶ **En horario lectivo**

- ▶▶ Todo o alumnado ten dereito a participar nas actividades extraescolares programadas ao longo do curso.
- ▶▶ Deste dereito verase privado aquel alumnado que a xuízo do titor/a poda presentar un evidente perigo para o normal desenvolvemento da actividade, así como, aquel alumnado ao que por haber cometido algunha falta se lle prive deste dereito.
- ▶▶ A comunicación aos pais/nais ou representantes legais realizarase mediante escrito en modelo do centro.
- ▶▶ Todo o alumnado participante en actividades que supoñan saída do recinto escolar, deberá presentar ao seu titor/a, a autorización correspondente, debidamente asinada polos pais, nais ou representantes legais e dentro do prazo establecido.
- ▶▶ O alumnado que non asista a dita actividade, poderá permanecer no seu domicilio coa autorización dos seus pais/nais ou representantes legais. No caso contrario poderá asistir ao centro para realizar actividades alternativas baixo a vixilancia dun mestre/a.
- ▶▶ Non poderá realizarse ningunha actividade sen coñecemento do xefe/a de estudos, cunha antelación suficiente para prever todo tipo de situacións (acompañantes, substitucións, etc.) que puidera ocasionar a mesma e aportando relación de alumnos/as.
- ▶▶ En casos extraordinarios, debidamente xustificados e sempre que non supoña un desembolso para os compañeiros/as maior do previsto, procederase á devolución do pagado polo alumno/a, cando non poda asistir á actividade.
- ▶▶ Se a duración da actividade revasara o horario de mañá en máis dunha hora, considerarase como xornada continuada e o alumnado non terá por elo sesión de tarde.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)
32800 Celanova
Ourense
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>
ceip.curros.celanova@edu.xunta.es

Normas de DISCIPLINA

- Terase un **registro acumulativo** de incidencias do alumno/a, no que figure o día no que tivo lugar a medida adoptada polo mestre/a, a resposta do alumno/a e da familia nos casos en que sexa informada.
- Entrarase por filas e por cursos, gardando silencio e orde no patio, recollendo ao alumnado nas escaleiras de entrada. Dotando ao feito de celeridade por motivos do COVID-19. Subirá o titor/a cos nenos/as e o/a especialista ou substituto/a que corresponda, se fose o caso; todos con **puntualidade**.
- Nas saídas, o mestre/a que estea coa clase, irá diante do alumnado. Ao mediodía, o alumnado de comedor quedará ordenado e en silencio nos corredores.
- Para baixar ao recreo baixará o mestre/a que estea coa clase, diante do alumnado ata o patio de recreo. Baixarase cando toque o timbre, e se algún mestre/a decidira quedar máis tempo na clase, procederá da mesma maneira
- A xefatura de estudos revisará periodicamente o cumprimento destas normas.
- Ao principio do curso, lerlle tanto aos pais/nais ou representantes legais (reunión cos pais/nais ou representantes legais) como aos nenos/as (primeiros días de clase), as faltas, as normas, e as posibles sancións que se lles poidan aplicar.
- As condutas contrarias ás normas de convivencia do centro poderán ser corrixidas con:
 1. Amoestación privada ou por escrito mediante Abalar Móbil.
 2. Comparecencia inmediata ante o xefe/a de estudos.
 3. Realización de traballos específicos no Laboratorio de convivencia en horario lectivo.
 4. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)
32800 Celanova
Ourense
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>
ceip.curros.celanova@edu.xunta.es

5. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
 6. Saída do alumno/a da aula por un prazo máximo dunha semana. En casos moi excepcionais poderá ser expulsado á súa casa durante un máximo de tres días, inda que o colexio evitará por todos os medios esta medida debido a que consideramos que os ambientes das casas dos alumnos con condutas disruptivas non son os mellores lugares para estar en horario de clase.
 7. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo dunha semana. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
 8. Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Serán competentes para decidir as correccións previstas no artigo anterior:
 1. O profesorado do alumno, oído este/a, as correccións que se establecen nos parágrafos 1 e 2, dando conta ao titor/a e ao xefe/a de estudos.
 2. O titor/a do alumno/a, oído o mesmo/a, as correccións que se establecen nos parágrafos 1, 2, 3 e 4.
 3. O xefe/a de estudos e o director/a, oído o alumno/a e o seu mestre/a ou titor/a, as correccións previstas nos parágrafos 2, 3, 4, 5 e 6.
 4. O consello escolar, oído o alumno/a, as establecidas nos parágrafos 7 e 8, se ben poderá encomendar ao director/a do centro a decisión correspondente a tales correccións. O director/a, oído o titor/a e o equipo directivo, tomará a decisión tras oír ao alumno/a e, se é menor de idade, aos seus pais/nais ou representantes legais, nunha comparecencia da que se levantará acta. O director/a aplicará a corrección prevista no parágrafo h sempre que a conduta do alumno/a dificulte o normal desenvolvemento das actividades educativas, debendo comunicala inmediatamente á comisión de convivencia. As condutas contrarias ás normas de convivencia no centro prescribirán no prazo dun mes, contado a partir do día da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)
32800 Celanova
Ourense
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>
ceip.curros.celanova@edu.xunta.es

condutas prescribirán á finalización do curso escolar. O alumno/a, ou os seus pais/nais ou representantes legais, poderán presentar unha reclamación no prazo de corenta e oito horas contra as correccións impostas, correspondentes aos parágrafos 7 e 8, ante o director/a provincial, do que a resolución porá fin á vía administrativa.

- Todas as faltas e as correccións aplicadas serán comunicadas aos pais/nais ou representantes legais, así como tamén faráselles saber con suficiente antelación, a decisión de que o seu fillo/a non participará nunha determinada actividade extraescolar por diferentes motivos.
- Todos os nenos/as deberán traer un xustificante asinado, para saír do colexio antes do horario regulamentario. Os seus pais/nais ou representantes legais deberanos vir buscar á entrada do colexio, **sen subir** en ningún momento ás aulas, ou corredores. O/a **bedel** ou a **administrativa** pasaraos/as á sala de visitas e evitará que anden polo centro.

Nº RELACIÓN DE FALTAS E A SÚA CATALOGACIÓN				
		Leve	Grave	Moi grave
1	Chegar tarde ó centro sen xustificación	X		
2	Correr, alborotar ou xogar polos corredores	X		
3	Permanecer alborotando, entre as dúas portas da entrada principal, cando non hai motivo	X		
4	Entrar ó centro e saír saltando o aramado		X	
5	Non entrar ó centro pola porta asinada	X		
6	Permanecer nos corredores ou lavabos	X		
7	Saír da aula sen permiso	X		
8	Permanecer na aula sen permiso do profesor	X		
9	Molestar, intimidar ou faltar ó respecto a outros alumnos	X	X	
10	Agredir a un compañeiro		X	X
11	Entrar do recreo antes do toque de sirena	X		
12	Subirse ou saltar o aramado, canastras, porterías	X		
13	Arroxar papeis ou desperdicios ó chan	X		
14	Non respetalo patio de Educación Infantil	X		



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)
32800 Celanova
Ourense
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>
ceip.curros.celanova@edu.xunta.es

15	Non respetar a distribución das pistas	X		
16	Saír ó corredor e ir ós aseos no cambio de clase	X		
17	Utilizalo aseo que non corresponde	X		
18	Utilizar inadecuadamente os servizos	X		
19	Non respetar o material de outros alumnos	X	X	
20	Non respetar o material do profesor		X	X
21	Non respetar ou facer uso incorrecto do mobiliario, material ou instalacións do centro	X	X	X
22	Faltar ó respecto ó profesor	X	X	X
23	Faltar ó respecto a outras persoas relacionadas co centro	X	X	
24	Ameazar a un profesor		X	
25	Ameazar a outras persoas relacionadas co centro		X	
26	Agredir a un profesor			X
27	Agredir a outras persoas relacionadas co centro			X
28	Non seguir as explicacións do mestre/a	X	X	
29	Interromper a dinámica da clase	X	X	
30	Non traer o material	X		
31	Saír do centro sen causa xustificada		X	
32	Non recoller ou deixar desordenado o material ou material utilizado	X		
33	Non respetar as normas específicas da biblioteca	X		
34	Faltar a clase sen xustificación	X		
35	Molestar, interromper as clases ou incumprir calquera norma desde o exterior do centro	X	X	
36	Non presentarse correctamente vestido e aseado	X		

Nota: A lei recolle que estas medidas poden ser extensibles aos momentos de transporte escolar fora do horario lectivo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CURROS ENRÍQUEZ
Avda. Miguel Angel Blanco, (A Costa)
32800 Celanova
Ourense
TELÉFONO: 988-788068

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova>
ceip.curros.celanova@edu.xunta.es

Normas de básicas de convivencia DENTRO DA AULA

- Respetar quendas de fala.
- Non berrar.
- Respetar aos mestres.
- Non levar a cabeza cuberta por gorros, carapuchas... salvo en ocasións especiais como o Entroido.
- Comunicarse coas familias exclusivamente mediante abalar móbil ou teléfono.
- Non deixar ao alumnado so (salvo motivo de forza maior e por pouco tempo).
- Lerlle as normas ao alumnado dende o primeiro día para que teñan coñecemento da dinámica de convivencia.

MECANISMO DE ACTUACIÓN CON RESPECTO ÁS FALTAS

- Faltas leves: amonestación por escrito do titor/titora a través de abalar móbil.
- Faltas graves: comunicación coa xefatura de estudos.
- Faltas moi graves: coordinación xefatura de estudos co departamento de orientación.